



Xunta de Galicia

CPI LAUREANO PRIETO

Teléfono: 988 421 140 - Fax: 988 421 029 A GUDIÑA (Ourense)

E.mail: cpi.laureano.prieto@edu.xunta.es



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E EMERXENCIAS

CPI LAUREANO PRIETO (A GUDIÑA)
CURSO 2023/24

1. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS
2. AVALIACIÓN DE RISCO
3. MEDIOS DE PROTECCIÓN INTERNOS
4. DIRECTORIO DE MEDIOS DE PROTECCIÓN EXTERNA
5. DESEÑO DE EVACUACIÓN
6. ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONS
7. OPERATIVIDADE DO PLAN
8. ALUMEADO DE EMERXENCIA
9. PARTE DE ACCIDENTE DENTRO DO RECINTO ESCOLAR
11. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN
12. PLANOS DO CENTRO
13. ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN: O MEDIO

O presente Plan de Autoprotección está deseñado para o CPI Laureano Prieto. Trátase dun centro ubicado nun entorno rural, no suroeste da provincia, sendo o concello da Gudiña limítrofe coa comunidade autónoma de Castela e León e con Portugal, o cal desembocou nunha mestura de xentes procedentes de Galicia, Castela e Portugal, e coa conseguinte fusión idiomática e de costumes. A lonxanía do concello de núcleos urbanos é unha das causas da lenta pero continua despoboación dos últimos anos, debido tamén ao seu baixo nivel socioeconómico, falta de recursos e escasez de ofertas de emprego, que levou a un aumento do paro nos últimos anos, sobre todo no sector servizos, o cal é, ó mesmo tempo un dos motores económicos da zona, xunto coa gandería e a agricultura que nos últimos anos atopou na explotación de castiñeiros unha maior fonte de ingresos.

1.1 Identificación do centro

Tipo de Centro: CPI (Centro Público Integrado). Imparte o ensino de Educación Infantil (3-6 anos), Educación Primaria (6-12 anos) e Educación Secundaria Obrigatoria (12-16 anos)

1.2 Situación, localización e dependencias

O centro atópase á saída do pobo preto da estrada que leva a Viana do Bolo, na parte norte da vía do tren que sae da estación de Renfe de A Gudiña. Está formado por unha construción máis antiga ao que se lle engadiu unha nova ala na que se imparten a ESO, quedando reservada a zona anterior para EI e EP, así como para despachos de dirección e comedor. Os recursos e a distribución dos espazos do centro é a seguinte:

O edificio antigo conta con:

□ **Baixo**

- Secretaría, con ordenador e fotocopiadora
- Dirección, con ordenador e impresora
- Conserxería
- Biblioteca
- Sala de profesores de infantil e primaria, con ordenador
- Aula de usos múltiples
- Comedor
- Sala de reunións
- Cociña

- Aseos para alumnos/as e profesores/as
- Dous almacéns
- Aula de plástica e tecnoloxía, con diverso material axeitado ás materias que alí se imparten, un ordenador, e un laboratorio de fotografía.

□ **Primeiro andar**

- Laboratorio de ciencias
- Aula para educación infantil cunha disposición baseada en rincóns de traballo.
- Aula de apoio de Audición e Linguaxe.
- Aula de apoio de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Aula de informática para alumnado.
- Departamento de Orientación
- Seis aulas para primaria, unha usada como almacén.
- Aseos para alumnos/as

O edificio novo conta con:

- Un ascensor para uso ocasional cando haxa alumnado que o precise.

□ **Baixo**

- Aula de música para primaria e secundaria.
- Sala de profesores de secundaria cun ordenador.
- Dúas aulas para secundaria
- Aseos alumnos/as.
- Unha despensa.

□ **Primeiro andar**

- Sala de audiovisuais equipada con mobiliario, retroproector, pantalla, proxectos de diapositivas, proxector de opacos, vídeo e televisor.
- Catro aulas: unha para cada curso da ESO
- Aseos alumnos/as.
- Gabinete médico.

1.3 Instalacións próximas

Fóra do recinto escolar do patio, temos o Pavillón de deportes de titularidade municipal e que o usamos para a practica deportiva e para as clases de Educación Física. Dentro do recinto escolar, temos dous patios, un dianteiro e outro traseiro, usado este último como pista polideportiva ao contar con prterías, canastras e a delimitación dos respectivos campos de xogo.

Dentro do recinto escolar, despois da entrada principal, temos o depósito de gas propano para o uso na cociña e que está demasiado próximo ao edificio máis antigo , onde se desenvolven as actividades docentes de Educación Infantil e Educación Primaria.

1.4 Vías de comunicación e accesos

O centro ten unha entrada principal ao recinto escolar pola parte sur, accedendo deste a estrada de Viana a través dunha pequena desviación. A través desta entrada principal podemos acceder con vehículos ata as entradas principais dos edificios, situadas na parte oeste do edificio. Tamén temos un acceso peonil a través da parte norte do recinto, cunha escaleira que comunica o recinto escolar coa zona do Pavillón de Deportes. Ademais, na zona de valado externa da cara leste, temos unha saída a utilizar no caso de emerxencia.

2. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS

As dependencias do centro contan con dous edificios construídos en distintas etapas e unidos de xeito que forman un “L”. O edificio máis antigo construído a finais da década de 1970 presenta unha estrutura de formigón e ferro con cuberta exterior a través de ladrillo cerámico, ventás de alumninio en cor natural e teito de lousa. Este edificio conta con dobre ventá na maior parte das dependencias e presenta unha entrada principal orientada cara o oeste que dá a un patio cerrado polo valo exterior e unha entrada no recinto escolar cunha porta peonil e outra de acceso para vehículos.

O edificio máis moderno, construído na década de 1990 para albergar o alumnado de ESO, con estrutura de formigón e ferro, cuberta de ladrillo con pedra e ventás de aluminio branco. Está unido ao anterior pola cara norte de xeito perpendicular e conta cunha entrada desde o patio principal dianteiro e unha saída de emerxencia cara o patio traseiro (pista polideportiva).

Os dous edificios están comunicados internamente e posúen unhas escaleiras o suficientemente amplas para a súa evacuación. Ambos os dous contan con dous andares conforme a descrición que realizamos no apartado anterior.

3. AVALIACIÓN DE RISCO

Partindo da situación xeográfica do recinto escolar, situado nun alto e cun forte desnivel, podemos descartar o risco provocado por posibles inundacións, se ben o centro se encontra desprotexido de cara a un temporal de vento ao estar situado nun alto. Deste xeito é frecuente que o vento realice algúns desperfectos que poden supor un risco para a comunidade educativa.

Outro risco importante a ter en conta vén motivado pola ubicación do depósito de gas dentro do recinto escolar moi próximo ao edificio antigo, estando só a sete metros deste edificio, polo risco que supón no caso de incendio. Polo demais, os depósitos de gasóleo atópanse na parte posterior do edificio novo nunhas dependencias anexas construídas para albergar os depósitos e que nun principio non presentan ningún risco.

4. MEDIOS DE PROTECCIÓN INTERNOS

No referente aos medios de protección internos, podemos destacar os seguintes:

- Sistema de alarma de incendios, conectado ao cadro xeral eléctrico e con sensores distribuídos no segundo andar dos dous edificios
- Catorce extintores: dous nas inmediacións da entrada, dous na parte superior do edificio antigo, un nas inmediacións da cociña e do comedor, tres na planta baixa do edificio novo e un no segundo andar do edificio novo.
- Botica de primeiros auxilios, onde se localiza material básico de enfermería (tiritas, vendas....)

5. DIRECTORIO DE MEDIOS DE PROTECCIÓN EXTERNA

Entre os medios de protección externa podemos destacar a disposición das seguintes institucións: GES A Gudiña, Concello de A Gudiña, Garda Civil e Centro de Saúde.

A seguir, incorporamos o teléfono de cda unha desas institucións:

INSTITUCIÓN	TELÉFONO
Concello de A Gudiña	988 594006
GES A Gudiña	696 820722
Cuartel Garda Civil	988 421004
Centro de Saúde	988 421225
Urxencia Médica	061

6. DESEÑO DA EVACUACIÓN

Cada un dos edificios conta con varias vías de evacuación:

- Edificio de Educación Infantil e Educación Primaria (edificio máis antigo): Presenta a saída da porta principal, a saída do comedor cara o patio e outra porta de saída desde as dependencias da cociña. Todas estas saídas teñen a apertura cara o exterior do edificio.
- Edificio de Educación Secundaria (edificio máis novo). Presenta dúas saídas, unha cara o patio dianteiro e outra cara o patio traseiro.

Ante unha emerxencia, a maneira de actuar vai depender un pouco da ubicación do alumnado no momento da emerxencia:

A- Emerxencia producida durante as actividades lectivas, co alumnado dentro das aulas ordinarias. O alumnado realizará dúas filas na aula, baixo as indicacións do profesor/a que nese momento se atope na aula e indicará o momento de saída dos seus alumnos/as unha vez que reciba a indicación do encargado do andor no que se encontra. Despois de saír o alumnado comprobará que as persianas e as ventás están pechadas e pechará a porta ao saír. O alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria baixará polas escaleiras en dirección á porta principal e saírá ao patio situándose na proximidade do valado exterior.

O alumnado de ESO sairá pola porta que o edificio ten para a pista polideportiva, patio traseiro, e situarase na proximidade do valado exterior deste patio.

B- Emerxencia producida durante a hora de comer con todo o alumnado no comedor. O alumnado realizará dúas filas na parte central do comedor e unha delas sae pola porta de emerxencia do comedor cara a pista polideportiva e situándose na proximidade do valado exterior. A outra fila de alumnos sae pola porta principal do comedor en dirección ao patio dianteiro e situándose tamén nas proximidades do valado exterior.

O persoal encargado do comedor comprobará, unha vez que saia o alumnado, que as portas e as fiestras se encontran cerradas.

Ante calquera das situacións anteriores, o persoal de cociña pechará o gas e as portas e fiestras da cociña antes de abandonar o edificio.

7. ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONS

Xunta de autoprotección:

Compoñentes:

- José Francisco Gago Fernández
- María Vicente Ballesteros
- Natalia Estévez Guerra
- Arantxa Míllara Terceiro
- Matías Diéguez Redondo

Equipos:

Xefe de Intervención e Emerxencia (X.I.E.): O Director

Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.): Profesores de garda en E.S.O. e María Vicente Ballesteros en Primaria.

Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.): Profesores de Educación Física.

Equipo de Evacuación de Planta (E.E.P.): Arantxa Míllara Terceiro (no edificio de Educación Primaria) e Matías Diéguez Redondo (no edificio de Educación Secundaria).

Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.): Tódolos profesores que estean nese momento na aula.

8. OPERATIVIDADE DO PLAN

Unha vez deseñada a organización e o deseño de evacuación, difundirase o protocolo de actuación entre a comunidade educactiva para que cada un dos membros saiba como actuar en caso de emerxencia e levarase a cabo polo menos un simulacro de emerxencia e evacuación durante o curso académico. Despois de realizar cada un deses simulacros, tomarase nota das posibles deficiencias para poder arranxalas. O presente Plan tamén se presentará en reunión do Claustro e do Consello Escolar para a súa aprobación despois de realizar as enmendas que se considerasen oportunas unha vez oído o Claustro e o Consello Escolar.

9. ALUMEADO DE EMERXENCIA

O funcionamento do alumbrado de emerxencia non é o adecuado xa que algunhas lámpadas desta instalación non funcionan. Xa se advertiu desta deficiencia ao Departamento Territorial que avaliou a idoneidade desta instalación a través dun técnico que detectou a deficiencia de dito alumbrado relacionada coa antigüidade da instalación. A partir de aí deseñouse un orzamento para solventar o problema que superou as estimacións iniciais, impedindo así a execución da obra. Esa revisión está pendente da dotación orzamentaria da Consellería de Educación.

10.PARTE DE ACCIDENTE DENTRO DO RECINTO ESCOLAR

9.1 Datos do alumno/a accidentado/a

Nome e apelidos:

Curso:

9.2 Lugar do accidente, data e hora

Lugar do accidente:.....

Actividade que realizaba:.....

Data:

Hora:

9.3 Descrición do accidente

Descrición do proceso:.....

.....

.....

Lesións detectadas:

.....

9.4 Contacto coa familia

Familiar co que se contactou:

A Gudiña,.....de.....de 20.....

Selo do centro

11.PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

11.1PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

Xefe de intervención e emerxencia:	<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Recibirá a información e valorará o risco.<input type="checkbox"/> Ordenará que se emita o sinal de alarma.<input type="checkbox"/> Ordenará a primeira intervención (avisa ao 112 solicitando medios)<input type="checkbox"/> Sairá a recibir e informar as axudas externas (bombeiros, sanitarios, CNP, policía local, protección civil,....). Indicaralles o tempo transcorrido, situación,...<input type="checkbox"/> Ordenará a evacuación.<input type="checkbox"/> Colaborará na dirección do control da emerxencia<input type="checkbox"/> Recibirá información dos grupos de alarma, primeira intervención e evacuación.<input type="checkbox"/> Redactará un informe das causas, do proceso e das consecuencias da emerxencia.
O director, José Francisco Gago Fernández.	
Equipo de primeira intervención: Ed. Infantil e Primaria: María Vicente Ballesteros Ed. Secundaria : Os profesores de garda.	<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Informará ao xefe de intervención e emerxencia e agardará as súas ordes.<input type="checkbox"/> Colaborará coa axuda externa na extinción, se é preciso.
Equipo de primeiros auxilios.	<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Prestaralle atención ao ferido.<input type="checkbox"/> Avaliará a lesión e informará dela ao xefe de intervención (director).<input type="checkbox"/> Preparará o traslado do ferido, de ser necesario.<input type="checkbox"/> Acompañará ao ferido ao centro sanitario.<input type="checkbox"/> Redactará un informe das causas, proceso e consecuencia.
Profesores de Educación Física	
Equipo de Evacuación de Planta:	<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Designará a vía ou vías de evacuación segundo a emerxencia e as ordes do xefe de intervención e emerxencia.<input type="checkbox"/> Dará as ordes para a quenda de saída.<input type="checkbox"/> Verificará que non quede ninguén en ninguna das dependencias, servicios, laboratorios e todas as dependencias da planta.<input type="checkbox"/> Verificara que as fiestras e portas de todas as dependencias estean pechadas.<input type="checkbox"/> Evacuará a planta no derradeiro lugar.<input type="checkbox"/> Unha vez acabada a evacuación da planta daralle parte ao xefe de intervención e emerxencia (o director).
Arantxa Míllara Terceiro (Edificio Educación Primaria)	
Matías Diéguez Redodndo (Edificio Educación Secundaria)	
Equipo de Detección e Alerta: Persoal do Centro	<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Intentar solucionar a emerxencia.<input type="checkbox"/> Comunicarlle o incendio ao xefe de intervención e emerxencia.<input type="checkbox"/> Facer soar a alarma.<input type="checkbox"/> Esperar orde de evacuación

Equipo de cociña.	<input type="checkbox"/> As traballadoras da cociña deben apagar o gas e as chaves do mesmo e saír ao punto de encontro pola porta principal.
Equipo de Alarma e Evacuación:	<input type="checkbox"/> Manter a orde entre os seus alumnos. <input type="checkbox"/> Non demorarse para recoller obxectos persoais. <input type="checkbox"/> Formar dúas filas nos laterais da aula.
Profesores de Aula	<input type="checkbox"/> Pechar as fiestras . <input type="checkbox"/> Baixar as persianas. <input type="checkbox"/> Atender indicacións do responsable de planta. <input type="checkbox"/> Unha vez que saíron todos os alumnos/as, pechará a porta mirando que non quede ninguén. <input type="checkbox"/> Acompañará aos seus alumnos ao lugar de concentración fixado. <ul style="list-style-type: none"> ● Os de Educación Infantil e Primaria sairán pola porta principal e esperan no patio dianteiro. ● Os de Educación Secundaria sairán ao patio traseiro colocándose contra a tea metálica que pecha os patios. ● Como excepción, os alumnos que estén na aula de Música saíran ao patio traseiro, e os alumnos que estén nas aulas de Tecnoloxía, Informática o una Biblioteca sairán pola porta principal sen ter en conta o curso no que se atopan.
Equipo de Alarma e Evacuación:	<input type="checkbox"/> Cada profesor debe coidar de que estén todos os seus alumnos. <input type="checkbox"/> Non falar durante a evacuación. <input type="checkbox"/> Permanecer no punto de reunión en proximidade do responsable de planta, informalo e esperar novas ordes.
Profesores de Aula	

11.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE

Xefe de intervención e emerxencia: O director, José Francisco Gago Fernández.	<input type="checkbox"/> Atenderase ao ferido. <input type="checkbox"/> Ordenará que se avise ó equipo de primeiros auxilios <input type="checkbox"/> Requirirá o transporte e ordenará o traslado do ferido a un centro sanitario, se fose necesario, previo informe do equipo de primeiros auxilios. <input type="checkbox"/> Avisará e informará do suceso aos familiares directos do ferido.
--	---

Equipo de Detección e Alerta Persoal do Centro	<input type="checkbox"/> Prestaralles asistencia aos feridos <input type="checkbox"/> Alertará aos equipos de primeiros auxilios <input type="checkbox"/> Daralle parte ao xefe de intervención de emerxencia
---	---

Equipo de Alarma e Evacuación. Profesores de Aula	<input type="checkbox"/> Comunicarllo ao responsable máis próximo <input type="checkbox"/> Retornar rápidamente á súa dependencia
--	--

Equipo de primeiros auxilios. Profesores de Educación Física	<input type="checkbox"/> Prestarlle atención ao ferido. <input type="checkbox"/> Avaliará a lesión e informará dela ao xefe de intervención (director).
---	--

- Preparará o traslado do ferido, de ser necesario.
- Acompañará ao ferido ao centro sanitario.
- Redactará un informe das causas, proceso e consecuencia.

11.3 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE INCENDIO

- Xefe de intervención e emerxencia:
O director, José Francisco Gago Fernández.
- Recibirá a información e valorará o risco.
 - Ordenará que se emita o sinal de alarma.
 - Ordenará a primeira intervención (avisa ao 112 solicitando medios)
 - Sairá a recibir e informar as axudas externas (bombeiros, sanitarios, CNP, policía local, protección civil,...). Indicaralles o tempo transcorrido, situación,...
 - Ordenará a evacuación.
 - Colaborará na dirección do control da emerxencia
 - Recibirá información dos grupos de alarma, primeira intervención e evacuación.
 - Redactará un informe das causas, do proceso e das consecuencias da emerxencia.

- Equipo de primeira intervención:
Ed Infantil e Primaria:
María Vicente Ballesteros
Ed. Secundaria:
Os profesores de garda.
- Collerá os equipos de primeira intervención (extintores,...)
 - Intentará apagar o lume
 - Informará ao xefe de intervención e emerxencia e agardará as súas ordes.
 - Colaborará coa axuda externa na extinción, se é preciso.

- Equipo de primeiros auxilios.
Profesores de Educación Física
- Prestaralle atención ao ferido.
 - Avaliará a lesión e informará dela ao xefe de intervención (director).
 - Preparará o traslado do ferido, de ser necesario.
 - Acompañará ao ferido ao centro sanitario.
 - Redactará un informe das causas, proceso e consecuencia.

- Equipo de Evacuación de Planta:
Arantxa Míllara
Terceiro (Edificio Antigo)
Matías Diéguez
Redondo. (Edificio ESO)
- Designará a vía ou vías de evacuación segundo a emerxencia e as ordes do xefe de intervención e emerxencia.
 - Dará as ordes para a quenda de saída.
 - Verificará que non quede ninguén en ninguna das dependencias, servicios, laboratorios e todas as dependencias da planta.
 - Verificará que as fiestras e portas de todas as dependencias estean pechadas.
 - Evacuará a planta no derradeiro lugar.
 - Unha vez acabada a evacuación da planta daralle parte ao xefe de intervención e emerxencia (o director).

- Equipo de Detección e Alerta:
- Intentar a extinción do lume.


- Persoal do Centro
- Comunicarlle o incendio ao xefe de intervención e emerxencia.
 - Retornar ao seu posto
 - Esperar orde de evacuación

Equipo de Alarma e Evacuación:

Profesores de Aula

- Manter a orde.
- Atender indicacións do responsable de planta.
- Non demorarse para recoller obxectos persoais.
- Saír ordenadamente e sen correr.
- Non falar durante a evacuación
- Permanecer no punto de reunión en proximidade do responsable de planta

PLANTA BANA



09.71
S.U. 128.50 m²
SALA PRETENDIENDO

8.80

0
1
2

13.ANEXOS

- ▶ Parte de revisión de instalación de gas
- ▶ Parte de revisión de instalación de medios de extinción internos
(extintores)